



## RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN DA ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA SOBRE ANULACIÓN DO CURSO “FC11086 FORMACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE CARTAS DE SERVIZOS”

### ANTECEDENTES:

1 Resolución do 22 de decembro de 2010 pola que se convocan varios cursos de formación continua para o persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. ( DOG N° 247 do 27 de decembro de 2010).

2 Proposta do director da actividade formativa de anulación do curso FC11086 “Formación para o desenvolvemento de cartas de servizos” a celebrar en Santiago de Compostela do 18 ao 29 de abril , polo escaso número de alumnos admitidos.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Despois de ver a Resolución do 22 de decembro de 2010 pola que se convocan varios cursos de formación continua para o persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. ( DOG N° 247 do 27 de decembro de 2010), na súa base novena, apartado C dispón” No suposto de que o número de admitidos sexa inferior ao 50% das prazas convocadas, a EGAP reserva para si o dereito a suspender, cancelar ou agrupar varias edicións das actividades, caso en que se empregarán os medios de notificación previstos na normativa vixente ás persoas interesadas.”

A vista de que o número de alumnos admitidos no curso de FC11086 “Formación para o desenvolvemento de cartas de servizos” a celebrar en Santiago de Compostela do 18 ao 29 de abril, é inferior ao 50% das prazas convocadas.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

1 Anular o curso FC11086 “Formación para o desenvolvemento de cartas de servizos” a celebrar en Santiago de Compostela do 18 ao 29 de abril de 2011.

2 Publicar na web da EGAP e notificar aos interesados.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2011

O director

Pablo Figueroa Dorrego